

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA D<sup>a</sup>. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL  
Expt: 2024 CO141-002

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** Con data 20/05/2024, a Alcaldía, actuando como órgano de contratación, acorda iniciar a tramitación do expediente para licitar o contrato de obras “*Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza. Fase I*”.

**Segundo.** O presente investimento será financiado nun 82,65% con cargo á subvención, por importe de 45.991,00 €, concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025.

**Terceiro.** O proxecto técnico que define as obras a executar, asinado polo enxeñeiro industrial Íñigo Carrasco Gago, conta cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 45.987,92 euros (55.645,38 euros, IVE incluído), foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/05/2024, previa acreditación do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, nos termos do o artigo 35 da Lei 2/2016, artigo 18 (artigo 110 da LOUGA (artigo 96 da Lei 2/2016, do solo de Galicia) e 223 e seguintes do Regulamento da Lei 2/2016 (Decreto 143/2016).

**Cuarto.** Atópanse incorporados ao expediente os preceptivos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e de Prescricións Técnicas (PPT), segundo os cales se tramita un expediente de carácter ordinario, cuxa adxudicación se propón por procedemento aberto simplificado, modalidade abreviada, con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas.

**Quinto.** Entre a documentación preparatoria do expediente consta “Memoria xustificativa da necesidade do contrato”, asinada polo enxeñeiro técnico municipal en data 27/02/2024, coa cal se dá cumprimento ó disposto no artigo 116.4 da LCSP.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### PRIMEIRO. Lexislación aplicable.

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE - LCSP-.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas -RGLCAP-. (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LBRL-.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia -LALGA-.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M205 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO141-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M205



## SEGUNDO. Obxecto do contrato e delimitación do tipo contractual.

O obxecto do contrato é a execución de obras de mantemento e mellora do camiño co código 1C.1.0049 no acceso dende a estrada PO-313 ao lugar de Pastoriza, pertencente á parroquia de Ardán, no Concello de Marín. Efectuarase, así mesmo, a limpeza e roce de marxes, limpeza, apertura e amaño puntual de cunetas, execución de pasos salvacunetas, etc., o que contribuirá a un desaugamento máis eficaz da escorrentía superficial nos camiños obxecto do proxecto, aportando sostibilidade á mesma. Todas as actuacións do proxecto teñen carácter superficial, polo que se prevé que non exista afectación de servizos tales como accesos, saneamento, abastecemento, telecomunicacións, enerxía ou iluminación pública.

O contrato foi cualificado polos técnicos municipais como un contrato de obra, tal e como consta na memoria xustificativa subscrita polo enxeñeiro técnico municipal, en data 27/02/2024, en cumprimento do disposto no artigo 116 da LCSP.

Por tanto, o obxecto do contrato atoparíase comprendido dentro do ámbito do contrato de obras, definido polo artigo 13 da LCSP como: "1... *aqueles que teñen por obxecto un dos seguintes:*

*a) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no Anexo I.*

*b) A realización, por calquera medio, dunha obra que cumpra os requisitos fixados pola entidade do sector público contratante que exerza unha influencia decisiva no tipo ou o proxecto da obra.*

*2. Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñería civil, destinado a cumprir en por si unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible.*

*Tamén se considerará «obra» a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do terreo ou do seu voo, ou de mellora do medio físico ou natural."*

O contrato non se divide en lotes.

De conformidade co artigo 99.3 LCSP o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

A xustificación da non división en lotes do presente contrato recóllese na cláusula 1.5 do prego, que di o seguinte: "[...] *No presente contrato a non división en lotes baséase na concorrencia da circunstancia excepcional prevista no artigo 99.3.b) da LCSP, posto que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, así como obstaculizaría a coordinación da execución no caso de existir unha pluralidade de contratistas diferentes.*

*Ambos extremos xustificanse nas propias características da obra; en que o proxecto non contempla a súa execución por lotes, resultando a reformulación do dito proxecto antieconómico para o Concello; e polo feito de que para a súa execución resulta necesario o emprego de maquinaria e equipos especializados, así como a actuación en diversas redes de servizos, que de ter que ser empregados e/ou executados de xeito sucesivo e non simultáneo, implicaría un encarecemento innecesario da obra.[...]"*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Aos efectos da LCSP están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no artigo 20.1 da LCSP (5.548.000 €).

O valor estimado do contrato é de 45.987,92 €, IVE excluído, polo que non está suxeito a regulación harmonizada.

### TERCEIRO. Procedemento a seguir. Licitación electrónica.

En relación ao procedemento a seguir, o artigo 131.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que a adxudicación dos contratos que celebren as Administracións Públicas realizarase, ordinariamente, utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo, e utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

A memoria xustificativa do contrato recolle a xustificación da elección do procedemento de licitación a empregar, indicando que “[...] O procedemento máis adecuado, a tenor do artigo 159 da Lei 9/2017, sería o aberto simplificado, por ser o seu valor estimado inferior a 2 millóns de euros e por outro lado, entre os criterios de adxudicación previstos non se contempla ningún evaluable mediante xuízo de valor ou, de habelo, a súa ponderación non supera o vinte e cinco por cento do total (25 %).[...]”.

O procedemento de adxudicación aberto simplificado, regulado no artigo 159 recolle no seu apartado 6 unha modalidade abreviada, esta modalidade do procedemento aberto simplificado só se admite nos contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 € e nos contratos públicos de subministración e de servizos de valor estimado inferior a 60.000 €.

Por tanto, no presente suposto concorren os requisitos que permiten a utilización do procedemento aberto simplificado na modalidade abreviada.

Con arranxo ao disposto no artigo 159.4 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para poder participar neste procedemento resulta obrigatoria a inscrición previa dos potenciais licitadores no ROLECSP ou ben no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

A tramitación do procedemento axustarase ás seguintes especialidades, previstas no apartado 6 do artigo 159 da LCSP:

- a) O prazo para a presentación de proposicións é como mínimo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. En compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo redúcese a 5 días hábiles.
- b) Eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.
- c) A oferta entregarse nun único sobre ou arquivo electrónico.
- d) Todos os criterios de adxudicación que deben utilizarse serán automáticos (é dicir, cuantificables mediante fórmulas establecidas nos pregos) polo que non caben os criterios de xuízo de valor.
- e) A mesa de contratación é facultativa.
- f) A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos, ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



g) Non hai acto público de apertura das proposicións, debido a que se garantirá mediante dispositivo electrónico que a apertura das proposicións non se realiza ata que finalice o prazo para a súa presentación.

h) As ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición ningunha desde o momento en que se notifique a adxudicación do contrato.

i) Non se requirirá a constitución de garantía definitiva.

j) A formalización do contrato consistirá na firma da aceptación que poñerá o contratista na resolución de adxudicación do contrato.

En todo o non previsto no apartado 6 do artigo 159 da LCSP aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista en dito artigo.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares elaborado para a adxudicación da obra de *“Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza. Fase I”* recolle todas as especialidades procedimentais expostas, propias do procedemento aberto simplificado abreviado, adecuándose ao disposto no artigo 159.4 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que resulta obrigatoria a inscrición previa dos potenciais licitadores no ROLECSP ou ben, no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Real Decreto-lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, modificou a letra d) do art. 159.4 LCSP, no sentido de aclarar que non era obrigatorio realizar un acto público de apertura dos sobres ou arquivos electrónicos cando na licitación se empreguen medios electrónicos. Dita modificación eliminou tamén o primeiro parágrafo do art. 159.4 d), relativo á presentación dos sobres.

Pola súa parte, o Real Decreto-lei 16/2020, do 28 de abril, modifica de novo o art. 159.4d) LCSP, de xeito que volve incorporar un primeiro parágrafo, co seguinte tenor: *“d) A oferta presentarse nun único sobre ou arquivo electrónico nos supostos en que no procedemento non se contemplan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. En caso contrario, a oferta presentarse en dous sobres ou arquivos electrónicos”*.

Así mesmo, elimínase toda referencia ao acto de apertura pública e as ofertas. En consecuencia, a regra establecida no art. 157.4 LCSP resulta plenamente aplicable. Así, non será preciso acto público de apertura se se prevé que na licitación poden empregarse medios electrónicos.

Todas as modificacións relativas ao procedemento aberto simplificado apuntadas atópanse incorporadas ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación.

#### **CUARTO. Licitación electrónica.**

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (en diante, LCSP), establece unha decidida aposta a favor da contratación electrónica, establecéndoa como obrigatoria.

Así, na disposición adicional décimo quinta da LCSP relativa aos medios de comunicación utilizables nos procedementos de contratación, dispónse, entre outras cuestións, que tanto a presentación de ofertas e solicitudes de participación como as notificacións levaranse a cabo utilizando medios electrónicos. Esta obrigatoriedade de

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



licitación e notificación electrónica é absoluta, coas excepcións taxadas na propia disposición adicional.

De acordo coa mencionada Disposición adicional décimo quinta da LCSP, a tramitación da presente licitación levarase a cabo por medios electrónicos.

A presentación de ofertas por medios electrónicos e a apertura das proposicións realizarase a través da ferramenta de xestión de licitacións electrónicas coa que conte a Administración, neste caso, a Plataforma de Contratación do Sector Público, accesible na dirección: <https://contrataciondelestado.es>, na que está dado de alta o Perfil de contratante do Concello de Marín.

O expediente debe ter formato electrónico. Esta obrigaion establecida no artigo 70.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non é nova, senón que é esixible desde o 2 de outubro de 2016, e afecta a todos os expedientes administrativos, non só aos de contratación.

Igualmente, a práctica de todas as notificacións realizarase a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica. (Disposición adicional décimo quinta da LCSP). A LCSP non establece ningunha diferenza entre persoas físicas e xurídicas, por tanto, con independencia do suxeito pasivo da notificación, esta deberá ser electrónica.

Ademais, o sistema de notificacións electrónicas obrigatorias é aplicable a todos os actos da notificación a que se refire a Lei, xa se mencione expresamente neles ou non, de conformidade cos requisitos establecidos na Disposición Adicional décimo quinta.

A apertura dos sobres farase a través da Plataforma electrónica de Contratación do Sector Público (<https://www.contrataciondelestado.es>). O sistema informático que soporte a plataforma electrónica de contratación pública terá un dispositivo que permita acreditar irrefutablemente o momento da apertura dos sobres e o segredo da información que estea incluída.

O recente Real Decreto-lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, modificou a letra d) do art. 159.4 LCSP, no sentido de aclarar que non era obrigatorio realizar un acto público apertura dos sobres ou arquivos electrónicos cando na licitación se empreguen medios electrónicos.

Así se contempla no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e se deduce da propia redacción do artigo 159.6 da LCSP, que establece que se garantizará, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións se leva a cabo una vez finalizado o prazo de presentación, non sendo necesario acto público de apertura nin constitución de mesa.

En definitiva, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares obxecto do presente informe cumpre coas obrigaions legais relativas ao emprego de medios electrónicos na contratación.

#### **QUINTO. Preparación do expediente de contratación.**

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato e que deberá ser publicado no perfil do contratante (art. 116.1 da LCSP).

O expediente desta contratación iniciouse por resolución da alcaldía de data 20/05/2024.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO141-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Aos efectos previstos nos artigos 28 e 116 da LCSP en relación coa finalidade pública a satisfacer co presente contrato e a idoneidade do seu obxecto para cubrila, recóllese na resolución de incoación a seguinte motivación:

*"(...) O obxecto do contrato é a execución de obras de mantemento e mellora do camiño co código 1C.1.0049 no acceso dende a estrada PO-313 ao lugar de Pastoriza, pertencente á parroquia de Ardán, no Concello de Marín. Efectuarase, así mesmo, a limpeza e roce de marxes, limpeza, apertura e amaño puntual de cunetas, execución de pasos salvacunetas, etc., o que contribuirá a un desaugamento máis eficaz da escorrentía superficial nos camiños obxecto do proxecto, aportando sostibilidade á mesma. Todas as actuacións do proxecto teñen carácter superficial, polo que se prevé que non exista afectación de servizos tales como accesos, saneamento, abastecemento, telecomunicacións, enerxía ou iluminación pública.*

*A necesidade da execución da obra vén dada pola conveniencia de realizar obras de rehabilitación do firme e mellora do drenaxe da plataforma da vía do camiño co código 1C.1:0049, no acceso dende a estrada PO-313 ao lugar de Pastoriza, pertencente a parroquia de Ardán, no Concello de Marín, contemplando unha superficie de 1.565 m2.*

*O proxecto técnico que define as obras a executar, asinado polo enxeñeiro industrial Íñigo Carrasco Gago, conta cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 45.987,92 euros (55.645,38 euros, IVE incluído), foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/05/2024, previa acreditación do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, nos termos do o artigo 35 da Lei 2/2016, artigo 18 (artigo 110 da LOUGA (artigo 96 da Lei 2/2016, do solo de Galicia) e 223 e seguintes do Regulamento da Lei 2/2016 (Decreto 143/2016).*

*Entre a documentación preparatoria do contrato consta incorporada a preceptiva memoria xustificativa da necesidade da contratación, confeccionada polos servizos técnicos municipais, coa cal se dá cumprimento ó disposto no artigo 116.4 da LCSP, quedando xustificadas adecuadamente todas as epígrafes do citado artigo."*

En relación ao establecido no artigo 116 da LCSP, en data 27/02/2024, emitíuse polo enxeñeiro técnico municipal a correspondente Memoria xustificativa integrante do expediente de contratación, onde se determinan entre outros aspectos a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, a estimación e adecuación do prezo para a execución da prestación e a determinación do procedemento elixido para a adxudicación do contrato.

### **SEXO. Perfil de contratante.**

De conformidade co artigo 63 da LCSP, deberán publicarse no Perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, os seguintes actos e documentos do expediente de contratación:

*«a) A memoria xustificativa do contrato, o informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos, a xustificación do procedemento utilizado para a súa adxudicación cando se utilice un procedemento distinto do aberto ou do restrinxido, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deban rexer o contrato ou documentos equivalentes, no seu caso, e o documento de aprobación do expediente.*

*b) O obxecto detallado do contrato, a súa duración, o orzamento base de licitación e o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



c) Os anuncios de información previa, de convocatoria das licitacións, de adxudicación e de formalización dos contratos, os anuncios de modificación e a súa xustificación, os anuncios de concursos de proxectos e de resultados de concursos de proxectos, coas excepcións establecidas nas normas dos negociados sen publicidade.

d) Os medios a través dos que, no seu caso, se publicitou o contrato e enlaces a esas publicacións.

e) O número e identidade dos licitadores participantes no procedemento, así como todas as actas da mesa de contratación relativas ao procedemento de adxudicación ou, no caso de non actuar a mesa, as resolucións do servizo ou órgano de contratación correspondente, o informe de valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante un xuízo de valor de cada unha das ofertas, no seu caso, os informes sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade a que se refire o artigo 149.4 e, en todo caso, a resolución de adxudicación do contrato».

Igualmente serán obxecto de publicación no perfil de contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, a desistencia do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos.

O prazo para a presentación das ofertas será de 10 días hábiles (art.159.6.a LCSP) comezando a computarse a partir da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (artigos 134.2, 156.6, 159.3 LCSP).

#### **SÉTIMO. Criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.**

O artigo 145.1 LCSP sinala que a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, aínda que, previa xustificación no expediente, os contratos poderanse adxudicar con arranxo a criterios baseados nunha formulación que atenda á mellor relación custo-eficacia, sobre a base do prezo ou custo, como o cálculo do custo do ciclo de vida con arranxo ao artigo 148 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A mellor relación calidade-prezo avaliarase con arranxo a criterios económicos e cualitativos, segundo prevé o apartado 2 do artigo 145 da LCSP.

Os criterios cualitativos poderán incluír aspectos ambientais ou sociais, vinculados ao obxecto do contrato, que poderán ser, entre outros, os seguintes:

1. A calidade, incluído o valor técnico, as características estéticas e funcionais, a accesibilidade, o deseño universal ou deseño para todas as persoas usuarias, as características sociais, ambientais e innovadoras, e a comercialización e as súas condicións;

As características ambientais poderán referirse, entre outras, á redución do nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro; ao emprego de medidas de aforro e eficiencia enerxética e á utilización de enerxía procedentes de fontes renovables durante a execución do contrato; e ao mantemento ou mellora dos recursos naturais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

As características sociais do contrato referiranse, entre outras, ás seguintes finalidades: ao fomento da integración social de persoas con discapacidade, persoas desfavorecidas ou membros de grupos vulnerables entre as persoas asignadas á execución do contrato e, en xeral, a inserción sociolaboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social; á subcontratación con Centros Especiais de Emprego ou

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO141-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



Empresas de Inserción; ós plans de igualdade de xénero que se apliquen na execución do contrato e, en xeral, a igualdade entre mulleres e homes; ó fomento da contratación feminina; á conciliación da vida laboral, persoal e familiar; á mellora das condicións laborais e salariais; á estabilidade no emprego; a contratación dun maior número de persoas para a execución do contrato; á formación e protección da saúde e a seguridade no traballo; á aplicación de criterios éticos e de responsabilidade social á prestación contractual; ou os criterios referidos á subministración ou á utilización de produtos baseados nun comercio equitativo durante a execución do contrato.

2. A organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato que vaia executar o mesmo, a condición de que a calidade de dito persoal poida afectar de maneira significativa á súa mellor execución.

3. O servizo posvenda e a asistencia técnica e condicións de entrega tales como a data en que esta última debe producirse, o proceso de entrega, o prazo de entrega ou execución e os compromisos relativos a recambios e seguridade da subministración. No caso de que non se inclúan criterios sociais e ambientais deberase xustificar a súa non inclusión pola non vinculación dos mesmos co obxecto do contrato (art. 1.3 LCSP).

Os criterios cualitativos deberán ir acompañados dun criterio relacionado cos custos, o cal poderá ser o prezo ou unha formulación baseada na rendibilidade, como o custo do ciclo de vida.

Os órganos de contratación velarán por que se establezan criterios de adxudicación que permitan obter obras, subministracións e servizos de gran calidade que respondan o mellor posible ás súas necesidades.

Os criterios a que se refire o apartado 1 do artigo 145 que han de servir de base para a adxudicación do contrato estableceranse nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo, e deberá figurar no anuncio que sirva de convocatoria da licitación, debendo cumprir os seguintes requisitos, conforme sinala o artigo 145.5 LCSP:

a) En todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato.

b) Deberán ser formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade, e non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.

c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva e irán acompañados de especificacións que permitan comprobar de maneira efectiva a información facilitada polos licitadores co fin de avaliar a medida en que as ofertas cumpren os criterios de adxudicación. En caso de dúbida, deberá comprobarse de maneira efectiva a exactitude da información e as probas facilitadas polos licitadores.

Considerarase que un criterio de adxudicación está vinculado ao obxecto do contrato cando se refira ou integre as prestacións que deban realizarse en virtude do devandito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos:

*«a) no proceso específico de produción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, as subministracións ou os servizos, con especial referencia a formas de produción, prestación ou comercialización ambiental e socialmente sustentables e xustas;*

*b) ou no proceso específico doutra etapa do seu ciclo de vida, mesmo cando ditos factores non formen parte da súa substancia material.»*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





Como establece o artigo 159.6.c) da LCSP, no procedemento simplificado abreviado só se utilizarán criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

De conformidade coa anterior previsión, o PCAP sometido a informe non contempla criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, recollendo unicamente criterios cuantificables mediante fórmulas:

*“[...]As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 100 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliábeis mediante fórmulas:*

*1. Oferta económica, ata un máximo de 90 puntos.*

*2. Aumento do prazo de garantía, ata un máximo de 10 puntos.[...].”*

Por tanto, neste procedemento todos os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato serán automáticos, é dicir, cuantificables mediante fórmulas establecidas nos pregos e cumpren os requisitos sinalados no artigo 145.5 LCSP.

### **OITAVO. Prego de Cláusulas Administrativas.**

De conformidade co establecido no artigo 122.2 da LCSP, o Prego de cláusulas administrativas particulares inclúe os criterios de solvencia e adxudicación do contrato e establece consideracións de tipo ambiental como condición especial de execución; así como os pactos e condicións definidores dos dereitos e obrigacións das partes e as súas normas de desenvolvemento, polo que se informa favorablemente, en canto á legalidade das súas cláusulas.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece a obriga dos órganos de contratación de velar por que o deseño dos criterios de adxudicación permita obter obras, subministracións e servizos de gran calidade, concretamente mediante a inclusión de aspectos cualitativos, ambientais, sociais e innovadores vinculados ao obxecto do contrato.

Inclúense nos contratos públicos consideracións de tipo social, ambiental e de innovación e desenvolvemento. Estas consideracións poderán incluírse tanto ao deseñarse os criterios de adxudicación, como criterios cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ou como condicións especiais de execución, aínda que a súa introdución está supeditada a que se relacionen co obxecto do contrato a celebrar.

En particular, no caso das condicións especiais de execución, a lei impón a obrigación ao órgano de contratación de establecer no prego polo menos unha das condicións especiais de execución de tipo ambiental, social ou relativas ao emprego que se listan no artigo 202.

No ámbito ambiental, poden esixirse certificados de xestión ambiental ás empresas licitadoras, como condición de solvencia técnica, isto é, para acreditar a experiencia ou o «bo facer» desa empresa no ámbito da protección do medio ambiente.

De conformidade co disposto no art. 202 da nova LCSP 2017, inclúese no PCAP da presente contratación unha condición especial de execución de carácter ambiental, vinculadas ao obxecto do contrato, consistente en que: *«[...]A empresa contratista terá que achegar, coa acta de recepción da obra, a documentación que acredite as medidas de xestión medioambiental que se aplicaron aos residuos de construción e demolición producidos na execución da obra, fundamentalmente as relativas a:*

*a) Reciclaxe, reutilización e recuperación dos materiais.*

*b) Rexeneración de espazos.*

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	EXPEDIENTE : 2024CO141-002
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



c) Indicación de vertedoiros autorizados onde se vaian trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de construción, demolición ou derrubamentos.

d) Compromiso a aportar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra son xestionados segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

A citada condición especial de execución de carácter medioambiental é considerada obrigación contractual de carácter esencial.[...]».

### **NOVENO. Expediente de contratación.**

Nel figuran os documentos precisos a que fai referencia o artigo 116 da LCSP 2017 e que se enumeran nos antecedentes deste informe, aos que deberán sumarse o certificado de existencia de crédito e informe de Intervención de fiscalización do gasto.

### **DÉCIMO. Órgano competente para contratar.**

O órgano competente para contratar, a teor da previsión da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é a Alcaldía.

### **CONCLUSIÓN**

Do exame da documentación obrante no expediente tramitado para a contratación da obra “Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza-Fase I”, verifícase que o contido e a tramitación do mesmo se axustan ás disposicións aplicables ao caso, adecuándose á normativa vixente, polo que se informa favorablemente.

De acordo co artigo 116.3 da LCSP, deberán incorporarse ao expediente, antes da súa aprobación, o certificado de existencia de crédito e o informe de Intervención de fiscalización do gasto.

Consta no expediente informe do servizo de Intervención de data 30/05/2024.

Visto o que antecede, esta Alcaldía **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, da obra de “Mantemento e mellora da estrada de acceso a Pastoriza. Fase I”, con cargo ó Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto correspondente por importe de 55.645,38 euros, IVE incluído, con cargo ao orzamento vixente.

**TERCEIRO.** Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, conforme ao artigo 159.6 da LCSP, con varios criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, tramitación ordinaria e licitación electrónica, do presente contrato administrativo de obras.

**CUARTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para que, no prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes (art.159.6 a) da LCSP).

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo electrónico: <https://www.contrataciondelestado.es>, nun único sobre ou arquivo

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO141-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



electrónico coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**QUINTO.** Publicar no perfil de contratante a documentación integrante do expediente de contratación, en particular, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO.** Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa clasificación pola Mesa de contratación.

**SÉTIMO.** Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederase á adxudicación do contrato

Así o dispón a señora Alcaldesa do que esta Secretaría dá fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013AD1900L3X7Z6Y2M2O5 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>EXPEDIENTE : 2024CO141-002</b>
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa-Presidenta - 30/05/2024 ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario accidental - 30/05/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/05/2024 13:56:22	Fecha: 16/05/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

